



## O ADXECTIVO E OS DETERMINANTES



*"Neve branca" (Pixnio, CCO)*



# ÍNDICE

---

## O ADXECTIVO E OS DETERMINANTES

1. O ADXECTIVO.....	1
1.1 Que son os adxectivos?.....	1
1.2 Graos do adxectivo.....	1
<i>Exercicios</i> .....	2
2. OS DETERMINANTES.....	4
2.1 Os artigos.....	4
<i>Exercicios</i> .....	4
2.2 Os demostrativos.....	4
<i>Exercicios</i> .....	5
2.3 Os posesivos.....	5
<i>Exercicios</i> .....	5
2.4 Os numerais.....	6
<i>Exercicios</i> .....	7
2.5 Indefinidos.....	7
<i>Exercicios</i> .....	8
2.6 Interrogativos e exclamativos.....	8
<i>Exercicios</i> .....	8
SOLUCIÓN.....	9



## 1. O ADXECTIVO

---

### 1.1 Que son os adxectivos?

Sen darte conta, os **adxectivos** son palabras que empregas con naturalidade no teu día a día. Trátase de palabras que **expresan características do substantivo** ao que acompañan concordando con el en xénero e número. Isto é, o adxectivo ten o mesmo xénero e o mesmo número ca o substantivo ao que acompaña. Por exemplo, *auga fría* (feminino singular) ou *ordenadores rotos* (masculino plural).

Cos **adxectivos explicativos** expresas unha **característica propia do substantivo**, un trazo que é inherente ao substantivo. Por exemplo *neve branca*; "branca" é un adxectivo explicativo porque a neve sempre é branca.

Cos **adxectivos especificativos** expresas unha **característica do substantivo entre outras posibles**. Por exemplo, *bolígrafo azul*; "azul" é un adxectivo especificativo porque un bolígrafo non sempre é azul, pode ser vermello, negro, verde, laranxa etc.

### 1.2 Graos do adxectivo

Cada vez que empregas un adxectivo, inconscientemente úsalo nun grao determinado. En efecto, os adxectivos que usas diariamente poden estar en tres graos:

#### Grao positivo:

O adxectivo está neste grao cando aparece só, sen ningunha intensidade:

Exemplos: *O can é **intelixente**.*

*Hai que tirar a mazá **podre**.*

#### Grao comparativo:

Compárase a cualidade expresada polo adxectivo en substantivos diferentes. Hai tres posibilidades:

- **Comparativo de igualdade:** *A miña gata é **tan** valente **coma** o teu can.*
- **Comparativo de superioridade:** *A miña gata é **máis** valente **ca** o teu can.*
- **Comparativo de inferioridade:** *A miña gata é **menos** valente **ca** o teu can.*

#### Grao superlativo:

Exprésase a cualidade do adxectivo en grao máximo. Hai dúas posibilidades.

- **Grao superlativo relativo:** *A miña gata é **a máis valente dos animais**.*
  - Fai referencia ao grao máximo do adxectivo con respecto a un grupo. Por exemplo, *a miña gata* ten o grao máximo da valentía, pero con respecto aos animais.



- **Grao superlativo absoluto:** *A miña gata é **moi valente**, A miña gata é **valentísima**.*
  - O grao superlativo absoluto fórmase poñendo antes do adxectivo **moi** (*moi valente*); engadindo **-ísimo ou -érrimo** (*valentísima* ou *paupérrimo*); poñendo antes do adxectivo **super-, ultra-...** (*supervalente* ou *ultravalente*).

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

Subliña o **adxectivo** nos seguintes enunciados:

- A comida da miña avoa está rica.
- O caderno da vosa sobriña é rechamante porque ten cores alegres.
- O xersei verde quédalle pequeno.
- A nós o café gústanos ben quente.
- Anota na axenda nova a importante cita da semana que vén.
- Ese teléfono leva estragado desde onte.

### Exercicio 2

Os seguintes enunciados conteñen adxectivos en **grao comparativo**, indica o tipo (**de igualdade, de inferioridade** ou **de superioridade**):

- A súa gata é **máis** cariñosa **ca** a túa. Grao comparativo de \_\_\_\_\_.
- Este exame parece **tan** fácil **coma** o outro. Grao comparativo de \_\_\_\_\_.
- O día de hoxe está **tan** gris **coma** o de onte. Grao comparativo de \_\_\_\_\_.
- Eu estou **menos** preocupada **ca** vós. Grao comparativo de \_\_\_\_\_.
- O biscoito de iogur saíuche **máis** doce **ca** o de laranxa. Grao comparativo de \_\_\_\_\_.
- Vístelo **menos** triste **ca** a irmá? Grao comparativo de \_\_\_\_\_.



### Exercicio 3

Os seguintes enunciados conteñen adxectivos en **grao superlativo**, indica o tipo (**absoluto** ou **relativo**):

- A auga da fonte é **a máis fresca de** todas. Grao superlativo \_\_\_\_\_.
- As alumnas que se sentan atrás son **as menos atentas da** clase. Grao superlativo \_\_\_\_\_.
- O teu can é **moi ladrador**. Grao superlativo \_\_\_\_\_.
- A roupa desa tenda é **carísima**. Grao superlativo \_\_\_\_\_.
- Este exercicio é **o menos importante de** todos os feitos na clase. Grao superlativo \_\_\_\_\_.
- Os últimos libros que merquei eran **os máis atractivos da** librería. Grao superlativo \_\_\_\_\_.
- A constancia é **moi importante**. Grao superlativo \_\_\_\_\_.
- Fixen unha tortilla riquísima. Grao superlativo \_\_\_\_\_.



## 2. OS DETERMINANTES

### 2.1 Os artigos

Os **artigos** son palabras que se colocan **diante do substantivo** e que axudan a identificalo. Poden ser de dous tipos:

- Artigos **determinados**: **o, a, os, as**. *Encontrei **as** chaves.*
- Artigos **indeterminados**: **un, unha, uns, unhas**. *Encontrei **unhas** chaves.*

Se te fixas, cando empregas o artigo determinado "as chaves" fas referencia a chaves que coñeces. En cambio, cando empregas o artigo indeterminado "unhas chaves" fas referencia a chaves que non coñeces.



## EXERCICIOS

### Exercicio 4

**Subliña** os **artigos** que identifies nos seguintes enunciados:

- Non tivo o pracer de viaxar moito.
- Mañá virán tomar café uns amigos.
- Vouche contar unha noticia positiva.
- Merquei unhas froitas.
- As veciñas de María son estupendas.
- A avoa coida moito os netos.

### 2.2 Os demostrativos

Os **demostrativos** son palabras que **indican** a **distancia** á que están seres ou obxectos con respecto á/ao falante. Hai **tres distancias**.

	Singular		Plural		Neutro
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino	
Distancia curta	<b>este</b>	<b>esta</b>	<b>estes</b>	<b>estas</b>	<b>isto</b>
Distancia media	<b>ese</b>	<b>esa</b>	<b>eses</b>	<b>esas</b>	<b>iso</b>
Distancia longa	<b>aquel</b>	<b>aquela</b>	<b>aqueles</b>	<b>aquelas</b>	<b>aquilo</b>



## EXERCICIOS

### Exercicio 5

Subliña os **demonstrativos** que identifiques nos seguintes enunciados:

- Este camiño parece un sendeiro.
- Que ben sabe esa torta de chocolate!
- Iso non é asunto teu.
- Gústame moito aquela saia de cor beixe.
- Poderías prestarme eses rotuladores de cores?
- Aqueles tempos eran mellores que os de hoxe.
- Estas rapazas son as miñas mellores amigas.

### 2.3 Os posesivos

Os **posesivos** son palabras que indican **a quen pertence** o substantivo ao que acompañan.

		Singular		Plural	
		Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Unha persoa posuidora	1ª Persoa	<b>meu</b>	<b>miña</b>	<b>meus</b>	<b>miñas</b>
	2ª Persoa	<b>teu</b>	<b>túa</b>	<b>teus</b>	<b>túas</b>
	3ª Persoa	<b>seu</b>	<b>súa</b>	<b>seus</b>	<b>súas</b>
Varias persoas posuidoras	1ª Persoa	<b>noso</b>	<b>nosa</b>	<b>nosos</b>	<b>nosas</b>
	2ª Persoa	<b>voso</b>	<b>vosa</b>	<b>vosos</b>	<b>vosas</b>
	3ª Persoa	<b>seu</b>	<b>súa</b>	<b>seus</b>	<b>súas</b>

## EXERCICIOS

### Exercicio 6

Subliña os **posesivos** que identifiques nos seguintes enunciados:



- Gústame a cor do teu coche.
- As nosas familias xa se coñecen.
- Ese é o noso problema.
- Nós vimos as vosas veciñas en Portugal.
- A súa nai é mecánica.
- Coñeces o seu punto forte?
- Foi máis barato o meu ordenador ca o teu teléfono novo.
- Vou describirche a miña rutina.

## 2.4 Os numerais

Os **numerais** poden ser de dous tipos:

**Cardinais.** Indican unha **cantidade precisa**: *sete, vinte...*

**Ordinais.** Indican unha **orde determinada**: *quinta, décimo oitava...*

Numerais cardinais	Numerais ordinais
Un, unha	Primeiro, primeira
Dous, dúas	Segundo, segunda
Tres	Terceiro, terceira
Catro	Cuarto, cuarta
Cinco	Quinto, quinta
Seis	Sexto, sexta
Sete	Sétimo, sétima
Oito	Oitavo, oitava
Nove	Noveno, novena
Dez	Décimo, décima
Once	Décimo primeiro, décimo primeira
Doce	Décimo segundo, décimo segunda
Vinte	Vixésimo, vixésima



Vinte e un, vinte e unha	Vixésimo primeiro, vixésimo primeira
Trinta	Trixésimo, trixésima
Trinta e un, trinta e unha	Trixésimo primeiro, trixésimo primeira
Corenta	Cuadraxésimo, cuadraxésima
Cincuenta	Quincuaxésimo, quincuaxésima
Sesenta	Sexaxésimo, sexaxésima
Setenta	Septuaxésimo, septuaxésima
Oitenta	Octoxésimo, octoxésima
Noventa	Nonaxésimo, nonaxésima
Cen	Centésimo, centésima

## EXERCICIOS

### Exercicio 7

**Subliña** os **numerais** que identifiques nos seguintes enunciados:

- Quedou en quinta posición nas tres competicións.
- Mercou dous quilos de mazás.
- Ela vai ao ximnasio tres días á semana.
- É a primeira persoa en expoñer.
- Teñen noventa minutos para facer o exame.
- Creo que é a vixésima vez que volo dixen.
- O avión chegou dúas horas tarde.

### 2.5 Indefinidos

Os **indefinidos** son palabras que expresan unha **cantidade imprecisa** (*moitas, demasiados...*) ou unha **identidade descoñecida** (*algunhas, alguén...*): *poucas, bastantes, calquera, certas, varias, escasas, outras, tantos etc.*



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 8

Subliña os **indefinidos** que identifies nos seguintes enunciados:

- Houbo varias reclamacións neste establecemento.
- As miñas compañeiras virán de visita calquera día.
- Alguén entrou sen que me dese conta.
- Fixen esta andaina moitas veces.
- Tivestes poucos días de vacacións.
- Mercou o traxe a escasos días do casamento.

### 2.6 Interrogativos e exclamativos

Os **interrogativos** que acompañan a un substantivo son palabras que se empregan para realizar unha **pregunta**: *que, cal/cales, canto/canta/cantos/cantas*. Exemplo: *Que pantalón che gusta máis?*

Os **exclamativos** que acompañan a un substantivo son palabras que se empregan para expresar unha **emoción**: *que, canto/canta/cantos/cantas*. Exemplo: *Cantas nenas viñeron!*



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 9

Subliña os **interrogativos e exclamativos** que identifies nos seguintes enunciados:

- Cantos anos tes?
- Que calor vai aquí!
- Cal das dúas chaquetas che gusta máis?



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

Subliña o **adxectivo** nos seguintes enunciados:

- A comida da miña avoa está **rica**.
- O caderno da vosa sobriña é **rechamante** porque ten cores **alegres**.
- O xersei **verde** quédalle **pequeno**.
- A nós o café gústanos ben **quente**.
- Anota na axenda **nova** a **importante** cita da semana que vén.
- Ese teléfono leva **estragado** desde onte.

### Exercicio 2

Os seguintes enunciados conteñen adxectivos en **grao comparativo**, indica o tipo (**de igualdade**, **de inferioridade** ou **de superioridade**):

- A súa gata é **máis** cariñosa **ca** a túa. **Grao comparativo de superioridade**.
- Este exame parece **tan** fácil **coma** o outro. **Grao comparativo de igualdade**.
- O día de hoxe está **tan** gris **coma** o de onte. **Grao comparativo de igualdade**.
- Eu estou **menos** preocupada **ca** vós. **Grao comparativo de inferioridade**.
- O biscoito de iogur saíuche **máis** doce **ca** o de laranxa. **Grao comparativo de superioridade**.
- Vístelo **menos** triste **ca** a irmá? **Grao comparativo de inferioridade**.

### Exercicio 3

Os seguintes enunciados conteñen adxectivos en **grao superlativo**, indica o tipo (**absoluto** ou **relativo**):

- A auga da fonte é **a máis fresca de** todas. **Grao superlativo relativo**.
- As alumnas que se sentan atrás son **as menos atentas da** clase. **Grao superlativo relativo**.
- O teu can é **moi ladrador**. **Grao superlativo absoluto**.



- A roupa desa tenda é carí**si**ma. Grao superlativo **absoluto**.
- Este exercicio é **o menos importante de** todos os feitos na clase. Grao superlativo **relativo**.
- Os últimos libros que merquei eran **os máis atractivos da** librería. Grao superlativo **relativo**.
- A constancia é **moi importante**. Grao superlativo **absoluto**.
- Fixen unha tortilla riquí**si**ma. Grao superlativo **absoluto**.

#### Exercicio 4

Subliña os **artigos** que identifies nos seguintes enunciados:

- Non tivo o pracer de viaxar moito.
- Mañá virán tomar café uns amigos.
- Vouche contar unha noticia positiva.
- Merquei unhas froitas.
- As veciñas de María son estupendas.
- A avoa coida moito os netos.

#### Exercicio 5

Subliña os **demonstrativos** que identifies nos seguintes enunciados:

- Este camiño parece un sendeiro.
- Que ben sabe esa torta de chocolate!
- Iso non é asunto teu.
- Gústame moito aquela saia de cor beixe.
- Poderías prestarme eses rotuladores de cores?
- Aqueles tempos eran mellores que os de hoxe.
- Estas rapazas son as miñas mellores amigas.

#### Exercicio 6

Subliña os **posesivos** que identifies nos seguintes enunciados:

- Gústame a cor do teu coche.
- As nosas familias xa se coñecen.
- Ese é o noso problema.



- Nós vimos as **vosas** veciñas en Portugal.
- A **súa** nai é mecánica.
- Coñeces o **seu** punto forte?
- Foi máis barato o **meu** ordenador ca o **teu** teléfono novo.
- Vou describirche a **miña** rutina.

### Exercicio 7

**Subliña os numerais** que identifies nos seguintes enunciados:

- Quedou en **quinta** posición nas **tres** competicións.
- Mercou **dous** quilos de mazás.
- Ela vai ao ximnasio **tres** días á semana.
- É a **primeira** persoa en expoñer.
- Teñen **noventa** minutos para facer o exame.
- Creo que é a **vixésima** vez que volo dixen.
- O avión chegou **dúas** horas tarde.

### Exercicio 8

**Subliña os indefinidos** que identifies nos seguintes enunciados:

- Houbo **varias** reclamacións neste establecemento.
- As miñas compañeiras virán de visita **calquera** día.
- **Alguén** entrou sen que me dese conta.
- Fixen esta andaina **moitas** veces.
- Tivestes **poucos** días de vacacións.
- Mercou o traxe a **escasos** días do casamento.

### Exercicio 9

**Subliña os interrogativos e exclamativos** que identifies nos seguintes enunciados:

- **Cantos** anos tes?
- **Que** calor vai aquí!
- **Cal** das dúas chaquetas che gusta máis?